



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE AGOSTO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1842/2019.- RODRIGO COSTOYA SANTOS.- Conceder licenza para executar obras de reforma interior de vivenda na rúa Xasmíns, 10 – Baixo.

PARCELACIONES/SEGREGACIONES/AGRUPACIONES.-

LIC/1981/2019.- JOSÉ PREGO GONZALEZ.- Aceitar gratuitamente e libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de parcelación da finca sita no lugar de Marzo de Arriba, 17.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para executar obras de reforma interior de vivenda na rúa Xasmíns, 10 - Baixo. LIC/1842/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á instalación de ascensor no interior do inmoble da r/ Tras do Pilar-7. LIC/582/200. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a aceptar gratuitamente e libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de parcelación da finca sita no lugar de Marzo de Arriba, 17. LIC/1981/2019. Acéptase a cesión.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle das parcelas C3c01a e C3c01b do Parque Empresarial da Sionlla. PLA/4/2020. Apróbase inicialmente o estudo de detalle.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adxudicación do contrato das "obras de acondicionamento interior do xacemento do Castelo da Rocha Forte", actuación que forma parte da EDUSI-Santiago, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Adxudícase o contrato á empresa Obras Gallaecia, SL, por importe de 84.662,51 euros (IVE incluído).

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións para o fomento do deporte federado 2020. Apróbanse as bases, ás que se destina unha partida de 275.000 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á cesión provisional do estadio municipal VERONICA BOQUETE de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II, a favor da SD Compostela durante a tempada 2020/21. Autorízase a cesión.

9.- Proposta das concellerías delegadas de Políticas Sociais e Deportes relativa á corrección de erro no punto nº 27 da sesión de 20.7.20, aprobatorio do expediente do servizo de vixilancia de instalacións municipais. Corríxese o erro.

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

10.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato de concesión de diversos postos na nave 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela. Adxudícase o uso do local número 6 da nave 5 a M^a Yolanda Martínez Tabaoada, por un canon de 35.555 euros; do local número 7 a Vinos y Fogones SC, por un canon de 39.091 euros; e do local 11 a maría Dolores Creo González, por un canon de 40.155 euros.

11.- Proposta da alcaldía relativa á corrección de erros no punto 20 da sesión de 27.7.20, de aceptación da subvención da Xunta de Galicia para a realización do Obradoiro de emprego "Santiago sustentable II". Corríxese o erro.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade dando conta da aprobación de medidas de apoio para a dinamización do comercio da cidade polo Consello de Administración de "TUSSA". Apróbase a creación de vales desconto no aparcadoiro de Xoán XXIII para por a disposición dos comerciantes. Cada vale será dunha hora e terá un prezo de 0,65 €. Propónse unha tarifa de 0,50 € por acceso para os turismos que accedan ao aparcadoiro de bordo de Salgueiriños os xoves en horario de 8:00 a 14:00 horas (no horario do mercado). Fóra dos días e horario de mercado, a tarifa por acceso para os turismos é de 1,50 € (tarifa vixente na actualidade).

13.- Aprobación da certificación 14- final das obras de construcción dun edificio de usos múltiples (deportivo e ocio) en Lavacolla. Apróbase a certificación.

14.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse diversos recoñecementos de crédito:

- polos servizos de subministración de alimentos e produtos de hixiene a persoas en situación de vulnerabilidade: 3.080,25 euros a favor de Centros Comerciales Carrefour, SA; 14.086,57 euros a favor de Distribuidora Internacional de Alimentación, SA; 11.917,37 euros a favor de Distribuciones Froiz SAU; 6.507,63 euros a favor de Centros Comerciales Carrefour, SA; 20.100 euros a favor de Vego Supermercados, SAU.
- por gastos derivados da expedición de tarxetas bonobús para pensionistas, por 1.429,68 euros, a favor da UTE Tralusa.
- por gastos por prestación de asesoramento xurídico para modificación de ordenanza, por 6.050 euros, a favor da USC.
- por gastos do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria do 1 ao 30 de xuño, a favor da emprsa Urbaser, SA, por importe de 663.030,36 euros.
- polo servizo de lacería entre o 1 de febreiro e o 31 de marzo, a favor da empresa Ethical Services, por 7.158,36 euros.
- polo servizo de lacería de urxencia entre o 1 e o 31 de xaneiro, a favor da empresa Ethical Services, por 1.210 euros.
- polo servizo de lacería entre o 1 e o 31 de xaneiro, a favor da empresa Ethical Services, por 3.579,18 euros.
- por actuacións de emergencia pola caída nun muro na rúa da Costiña do Monte, a favor de Estructuras y Montajes Prefabricados, SA, por importe de 3.530,18 euros.
- por subministración de recambios e pneumáticos para o Parque Móbil Municipal, por importe de 3.296,69 euros.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Centros socioculturais relativa á corrección de erros no punto 20 da sesión de 20.7.20, de autorización de cambio de titularidade do aluguer do local sociocultural e asociativo do barrio de San Pedro. Corríxese o erro.

16.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Parques e Xardíns relativa á renovación das concesións de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo. Renóvanse as concesións de uso das hortas municipais aos/as titulares que o solicitaron. Son 39 hortas, das que 30 se correspondente con renovacións e 9 con novas autorizacións.